

*Resolución do 12 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Comercio, pola que se convocan as eleccións para a renovación dos plenos das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.*

A Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras de comercio, industria e navegación, establece no seu artigo 9 que lle corresponde á Administración estatal determinar a apertura do proceso electoral, logo da consulta coas comunidades autónomas que teñan atribuída a competencia nesta materia, correspondéndolle á respectiva administración tutelante a convocatoria de eleccións.

Pola súa banda, o artigo 32 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e o artigo 15 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro, sinalan que lle corresponderá ao órgano tutelar, logo da consulta ás cámaras, a convocatoria de eleccións para a renovación dos membros dos plenos destas.

Estando próximo a finalizar o mandato dos órganos de goberno das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio declarou aberto o proceso electoral para a renovación dos plenos das cámaras de comercio, industria e navegación de España e do seu Consello Superior, mediante Orde ITC/2019/2009, do 22 de xullo, dispoñéndose a apertura do devandito proceso o día 1 de outubro de 2009 e a súa finalización o día 15 de xullo de 2010.

Unha vez aberto o proceso electoral e transcorridos os prazos previstos para a exposición pública dos censos electorais e de reclamacións, así como o de resolución dos recursos interpostos, correspóndelle á Dirección Xeral de Comercio, como departamento competente en materia de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, convocar as eleccións para a renovación dos seus plenos, logo de seren consultadas as nove cámaras galegas, de acordo co establecido nos artigos 32 da referida Lei 5/2004, do 8 de xullo, e 15 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Por todo o anterior, logo da consulta ás cámaras, e en uso das competencias que esta dirección xeral ten atribuídas no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Convocar as eleccións para a renovación dos plenos das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Segundo.-Para garantir a transparencia e a obxectividade dos procesos electorais, constituiranse as xuntas electorais, a razón dunha por cada cámara oficial de comercio, industria e navegación, na forma e coa composición e competencias previstas na Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia e no Regulamento de réxime

electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia. As xuntas electorais terán a súa sede no enderezo social da cámara correspondente.

Terceiro.-As candidaturas elixibles por sufraxio do electorado presentarán escrito no rexistro da cámara respectiva durante os quince días seguintes ao da data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo rematará as 24:00 horas do décimo quinto día, contado desde a devandita data.

Cuarto.-No prazo dos quince días seguintes á data de publicación desta convocatoria de eleccións, as organizacións empresariais máis representativas presentarán ante a xunta electoral correspondente a lista das súas candidaturas.

Quinto.-A elección dos vogais a que fai referencia o artigo 7.1º a).1 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras de comercio, industria e navegación de España, celebrarase para todos os grupos e categorías o 22 de abril de 2010, permanecendo abertos os colexios electorais entre as 9.00 e as 21.00 horas.

Sexto.-A elección dos vogais a que fai referencia o artigo 7.1º a).2 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras de comercio, industria e navegación de España, terá lugar o 25 de maio de 2010, na sede de cada cámara entre as 13.00 e as 14.00 horas.

Sétimo.-O número de colexios electorais e os lugares onde se van instalar establécense, para cada unha das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, no anexo I desta resolución.

Oitavo.-As cámaras deben enviar á xunta electoral correspondente a proposta de lista de persoas electoras para seren designadas presidentes/as ou vogais das mesas electorais, conxuntamente coa lista das candidaturas presentadas e coa proposta de número de mesas electorais, no prazo que establece o artigo 6.3º do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

Noveno.-As persoas electoras que prevexan que na data das eleccións non poderán comparecer nos colexios electorais poderán exercer o seu dereito ao voto emitíndoo por correo, logo da solicitude persoal á cámara respectiva, dentro dos vinte días seguintes ao da publicación desta convocatoria, segundo o modelo normalizado que figura no anexo II desta resolución e con suxeición aos requisitos e ao procedemento sinalados no artigo 36 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, e no capítulo VIII do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Décimo.-As papeletas e sobres para o voto presencial ou por correo seguirán os modelos normalizados do anexo VII. Nas papeletas indícarase, no caso de persoas físicas, os apelidos e nome, e no caso de persoas xurídicas, a denominación social, das persoas candidatas ordenadas alfabeticamente, de forma que a persoa electora marcará cunha cruz o recadro da papeleta normalizada correspondente á (s)/ao (s) candidata (s)/o (s) da súa elección. As papeletas configuradas e impresas despois da proclamación de candidatos manterán a súa validez durante todo o proceso electoral.

Décimoprimerio.-Cando o número de candidatos proclamados por un grupo resulte igual ao dos membros que se deba elixir, a súa proclamación equivalerá á elección e esta non terá que efectuarse.

Décimosegundo.-Co fin de garantir o adecuado exercicio do voto achéganse os modelos normalizados segundo os anexos I a IX.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2010.

Nava Castro Domínguez  
Directora xeral de Comercio

### ANEXO I

a) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña:

-Colexio electoral único.

-Domicilio: Alameda, 30-1º, 15003 A Coruña.

-Demarcación: a correspondente á cámara.

b) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol:

-Colexio electoral único.

-Domicilio: Punta Arnela, A Malata s/n, 15591 Ferrol.

-Demarcación: a correspondente á cámara.

c) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Lugo:

-Colexio electoral único.

-Domicilio: avda. Ramón Ferreiro, 18, 27002 Lugo.

-Demarcación: a correspondente á cámara.

d) Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense:

\* Colexio electoral do Barco de Valdeorras.

-Domicilio: Casa da Cultura, avda. da Estación, nº 2, 32300 O Barco de Valdeorras.

-Demarcación: O Barco de Valdeorras, A Veiga, O Bolo, Carballada de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río.

\* Colexio electoral de Verín.

-Domicilio: Casa da Xuventude, avda. Portugal, nº 11, 32600 Verín.

-Demarcación: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

\* Colexio electoral de Ourense.

-Domicilio: avda. da Habana, 30 bis, 32003 Ourense.

-Demarcación: os restantes concellos adscritos a esta cámara.

e) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela:

\* Colexio electoral de Boiro.

-Domicilio: Casa da Cultura Ramón Martínez López. Parque Cachada. Avda da Constitución s/n, 15930 Boiro.

-Demarcación: Boiro, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Porto do Son

\* Colexio electoral de Santiago de Compostela.

-Domicilio: San Pedro de Mezonzo, 44-baixo, 15701 Santiago de Compostela.

-Demarcación: os restantes concellos adscritos a esta cámara.

f) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Tui:

-Colexio electoral único.

-Domicilio: Augusto González Besada, 15-1º D, 36700 Tui.

-Demarcación: a correspondente á cámara.

g) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo:

-Colexio electoral único.

-Domicilio: República Arxentina, 18A, 36201 Vigo.

-Demarcación: a correspondente á cámara.

h) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra:

\* Colexio electoral de Cangas.

-Domicilio: Casa da Cultura, r/ Rodeira-Pedreira (Coiro) s/n, 36940 Cangas.

-Demarcación: Cangas, Moaña e Bueu.

\* Colexio electoral de Lalín.

-Domicilio: Casa da Xuventude de Lalín, rúa Pena Toares, s/n, 36500 Lalín.

-Demarcación: Silleda, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada, Dozón e Lalín.

\* Colexio electoral de Mos.

-Domicilio: Centro de Desenvolvemento Local, estrada Peinador, nº 41, 36416 Mos.

-Demarcación: A Cañiza, Arbo, Covelo, Crecente e Mos.

\* Colexio electoral Pontevedra.

-Domicilio: Xardíns de Vicenti, 4-2º, 36001 Pontevedra.

-Demarcación: os restantes concellos adscritos a esta cámara.

i) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa:

\* Colexio electoral de Vilagarcía de Arousa.

-Domicilio: avda. Dr. Tourón, 46, 36600 Vilagarcía de Arousa.

-Demarcación: Barro, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa y Vilanova de Arousa.

\* Colexio electoral da Estrada:

-Domicilio: Asociación Comarcal de Empresarios de A Estrada, avda. de Santiago, 11, 36680 A Estrada.

-Demarcación: A Estrada, Campo Lameiro, Cerdedo, Cuntis, Forcarei e Moraña.

## ANEXO II-1

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

SOLICITUDE PARA A EMISIÓN DO VOTO POR CORREO DAS PERSOAS FÍSICAS

COMPROBADA A IDENTIDADE DO PETICIONARIO:

(Data, sinatura e selo da cámara de comercio, industria e navegación)

## DATOS DO ELECTOR

APELIDOS:	DNI:
NOME:	

CENSO ELECTORAL EN QUE SE ATOPA INSCRITO E GRUPOS E CATEGORÍAS NAS CALES DESEXA VOTAR (caso de non constar grupo e categorías, enténdese que solicita o exercicio do voto por correo para todos os grupos ou categorías nas que figure inscrita a persoa electora).

CÁMARA:	CONCELLO:
GRUPO/S:	CATEGORÍA/S:

## EXPÓN:

Que ante a previsión de que na data da votación non poderei exercer o meu dereito persoalmente na mesa electoral correspondente, solicito que, ao amparo do artigo 34 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, se expida certificación acreditativa de figurar inscrito/a no CENSO ELECTORAL no/s grupo/s e categoría/s indicados, e se remita toda a documentación precisa para o exercicio do voto por correo, ao seguinte enderezo:

RÚA/PRAZA, ETC.:	NÚM.:	PISO:	PORTA:
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

Presenta:

-Fotocopia do DNI ou, se é o caso, pasaporte e a súa tarxeta de identidade de estranxeiro, e se é o caso, certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

## ANEXO II-2

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

SOLICITUDE PARA A EMISIÓN DO VOTO POR CORREO DAS PERSOAS XURÍDICAS

COMPROBADA A IDENTIDADE DO PETICIONARIO:

(Data, sinatura e selo da cámara de comercio, industria e navegación)

## DATOS DO ELECTOR

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS:	DNI:
NOME:	CARGO:

CENSO ELECTORAL EN QUE SE ATOPA INSCRITO E GRUPOS E CATEGORÍAS NAS CALES DESEXA VOTAR (caso de non constar grupo e categorías, enténdese que solicita o exercicio do voto por correo para todos os grupos ou categorías nas que figure inscrita a persoa electora).

CÁMARA:	CONCELLO:
GRUPO/S:	CATEGORÍA/S:

## EXPÓN:

Que ante a previsión de que na data da votación non poderei exercer o meu dereito persoalmente na mesa electoral correspondente, solicito que, ao amparo do artigo 34 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, se expida certificación acreditativa de figurar inscrito/a no censo electoral no/s grupo/s e categoría/s indicados, e se remita toda a documentación precisa para o exercicio do voto por correo, ao seguinte enderezo:

RÚA/PRAZA, ETC.:	NÚM.:	PISO:	PORTA:
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.  
Asinado:

## Presenta:

-Fotocopia do DNI do representante ou, se é o caso, pasaporte e a súa tarxeta de identidade de estranxeiro, e se é o caso, certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.

-Documentos que acrediten a representación suficiente, salvo no caso de que se exhiba a tarxeta censal.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

*ANEXO II-3*

**Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia**

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE\_\_\_\_\_

RENUNCIA DO VOTO EMITIDO POR CORREO DAS PERSOAS FÍSICAS

D....., con DNI....., renuncio ao voto enviado por correo, para efectos de poder votar persoalmente na mesa electoral correspondente, en virtude do artigo 34.2º do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

*ANEXO II-4*

**Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia**

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE\_\_\_\_\_

RENUNCIA DO VOTO EMITIDO POR CORREO DAS PERSOAS XURÍDICAS

D....., con DNI....., en representación de ....., con CIF ....., renuncio ao voto enviado por correo, para efectos de poder votar persoalmente na mesa electoral correspondente, en virtude do artigo 34.2º do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

*ANEXO III*  
Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

SOLICITUDE DE TARXETA CENSUAL

DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

DATOS DO REPRESENTANTE:

APELIDOS:	DNI:
NOME:	CARGO:

GRUPO:	CATEGORÍA:
--------	------------

EXPÓN:

Solicita da Secretaría da cámara a expedición da tarxeta censual, de conformidade cos artigos 8 e 9 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e declara baixo xuramento que a súa representación legal ou poder suficiente está vixente.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

Presenta:

- Nomeamento como representante legal ou, se é o caso, poder suficiente de acordo co previsto no artigo 7.2º.
- DNI do representante.

*ANEXO IV*  
Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

TARXETA CENSUAL

TARXETA CENSUAL Nº \_\_\_\_\_

DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

GRUPO:	CATEGORÍA:
--------	------------

D./Dna. \_\_\_\_\_, secretario/a xeral da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_

CERTIFICO:

Que a persoa física arriba identificada manifesta que posúe a representación legal da persoa xurídica igualmente identificada, para exercer o seu dereito ao voto e no resto de tramites de acreditación do proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno da Cámara, convocado pola Resolución \_\_\_\_\_, en virtude do poder ou do nomeamento que ten outorgado e que esta vixente a data de expedición desta tarxeta censual.

Que o poder ou nomeamento presentado é suficiente e cuxa copia, debidamente compulsada co orixinal, consta nesta secretaría xeral.

E para que conste, para os efectos previstos no Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asdo. e selado:

Secretario/a xeral:

## ANEXO V-1

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PERSOA FÍSICA

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA

NOME:	DNI:
APELLIDOS:	
DOMICILIO:	
DOMICILIO PARA EFECTO DE NOTIFICACIONES:	

## DECLARA:

Que constando no censo electoral da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_, no grupo e categoría \_\_\_\_\_, e cumprindo todos o requisitos legais sinalados no artigo 10 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, presento a miña candidatura a membro do pleno da citada corporación.

## SOLICITA:

Que se considere este escrito, xunto coa documentación que se xunta, e se acepte a miña candidatura para o grupo e categoría sinalados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

## Presenta:

-Certificación da secretaría da cámara en que conste que a persoa candidata reúne os requisitos de elixibilidade do artigo 10º.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do candidato ou candidata.

-Se é o caso, acreditación documental da concorrencia do requisito de reciprocidade.

-Escritos de apoio á candidatura.

-Sinatura do/a candidato/a autenticada mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

*ANEXO V-2*  
Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PERSOA XURÍDICA

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	
DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	

DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

DECLARA:

Que constando no censo electoral da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_, no grupo e categoría \_\_\_\_\_, e cumprindo todos o requisitos legais sinalados no artigo 10 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, presento a miña candidatura a membro do Pleno da citada Corporación.

SOLICITA:

Que se considere este escrito, xunto coa documentación que se xunta, e se acepte a miña candidatura para o grupo e categoría sinalados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

Presenta:

- Certificación da secretaría da cámara en que conste que a persoa candidata reúne os requisitos de elixibilidade do artigo 10º.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do/a representante do candidato ou candidata.
- Tarxeta censal ou documentación substitutiva sinalada no artigo 25.1º c)
- Se é o caso, acreditación documental da concorrencia do requisito de reciprocidade.
- Escritos de apoio á candidatura.
- Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

## ANEXO VI-1

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

ESCRITO DE APOIO DE PERSOA XURÍDICA Á CANDIDATURA

O que abaixo asina apoia a candidatura a membro do Pleno da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_, nas eleccións convocadas pola resolución da Dirección Xeral de Comercio, do seguinte candidato:

\_\_\_\_\_,  
(Nome da persoa física ou xurídica que aparece no censo)

Grupo \_\_\_\_\_, categoría \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

## DATOS DA PERSOA XURÍDICA QUE APOIA A CANDIDATURA

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

Presenta:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do representante da persoa xurídica que apoia a candidatura.
- Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

## ANEXO VI-2

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

ESCRITO DE APOIO DE PERSOA FÍSICA Á CANDIDATURA

O abaixo asinante apoia a candidatura a membro do Pleno da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_, nas eleccións convocadas pola resolución da Dirección Xeral de Comercio, do seguinte candidato:

\_\_\_\_\_,  
(Nome da persoa física ou xurídica que aparece no censo)

Grupo \_\_\_\_\_, categoría \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

## DATOS DA PERSOA FÍSICA QUE APOIA A CANDIDATURA

NOME:	DNI:
APELIDOS:	
DOMICILIO:	
NOME UTILIZADO NO EXERCICIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Asinado:

Presenta:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do elector que apoia a candidatura.
- Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

## ANEXO VII-I

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

SOBRE EXTERIOR PARA ENVÍO POLO SOLICITANTE DO VOTO POR CORREO

<p><u>ELECCIÓN A MEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN</u> <u>ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN</u></p> <p><u>SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO</u> <u>SOLICITUD DE VOTO POR CORREO</u></p>	
<p>Sr. secretario da Xunta Electoral de <i>Sr. secretario de la Junta Electoral de</i> .....</p> <p>Domicilio da Xunta Electoral <i>Domicilio de la Junta Electoral:</i> .....</p>	
<p>Colexio electoral núm: _____. <i>Colegio electoral núm: _____.</i></p> <p>Mesa electoral: _____.</p>	<p>Logotipo Cámara</p>

## Especificacións:

Tamaño 162 × 229 mm.

Papel branco impreso en tinta negra

Impresión por unha soa cara

Lapela recta e tira de silicona

Logotipo da cámara nas súas cores específicas

ANEXO VII-2

Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

SOBRE PARA O ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN DO VOTO POR CORREO

ELECCIÓN A MEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO,  
INDUSTRIA E NAVEGACIÓN  
ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE  
COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN

VOTO POR CORREO-DOCUMENTACIÓN ELECTORAL

<p>Nome ou razón social <i>Nombre o razón social:</i> _____.</p> <p>Domicilio (rúa, praza): <i>Domicilio (calle, plaza):</i> _____.</p> <p>Localidade: <i>Localidad:</i> _____.</p> <p>CP: _____.</p> <p>Provincia: _____.</p>	<p>Logotipo Cámara</p>
--	----------------------------

Especificacións:

Tamaño 162 × 229 mm.

Papel branco impreso en tinta negra

Impresión por unha sola cara

Lapela recta e tira de silicona

Logotipo da cámara nas súas cores específicas

## ANEXO VII-3

Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

SOBRE PARA A PAPELETA DE VOTACIÓN

ELECCIÓN A MEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO,  
INDUSTRIA E NAVEGACIÓN  
ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE  
COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN

Grupo: \_\_\_\_\_.

Categoría: \_\_\_\_\_.

Logotipo  
Cámara

## Especificacións:

Tamaño 120 x 176 mm.

Papel branco impreso en tinta negra

Impresión por unha sola cara

Lapela recta e tira de silicona

Logotipo da cámara nas súas cores específicas

*ANEXO VII-4*  
Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

PAPELETA DE VOTACIÓN PARA SUFRAXIO DO ELECTORADO

GRUPO: \_\_\_\_\_

CATEGORÍA: \_\_\_\_\_

NÚMERO DE POSTOS QUE SE VAN ELIXIR: <i>NÚMERO DE PUESTOS                  A ELEGIR:</i>	
---	--

VOTO A FAVOR DE:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Información electoral:  
 As persoas electoras poderán sinalar na papeleta tantas persoas candidatas como número de vogais que se van elixir.

-En cada papeleta impresa deben figurar os apelidos e nome ou, se é o caso, razón social, ordenados alfabeticamente, de cada unha das persoas candidatas proclamada.

Especificacións:  
 Tamaño 110 × 150 mm.

## ANEXO VII-5

Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

PAPELETA DE VOTACIÓN PARA SUFRAXIO POR PROPOSTA DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

NÚMERO DE POSTOS QUE SE VAN ELIXIR: NÚMERO DE PUESTOS A ELEGIR:	
--	--

VOTO A FAVOR DE:

..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....	..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....
--	--

## Información electoral:

As persoas electoras poderán sinalar na papeleta tantas persoas candidatas como número de vogais que se van elixir.

-En cada papeleta impresa deben figurar os apelidos e nome ou, se é o caso, razón social, ordenados alfabeticamente, de cada unha das persoas candidatas proclamada.

Especificacións:

Tamaño 110 × 150 mm

*ANEXO VIII*  
Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL DE.....

En ..... o ..... de ..... de 2010, sendo as .....horas, reúnen-se os abaixo asinantes co obxecto de constituír a mesa electoral para a elección de vogais do Pleno da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de ....., do colexio electoral..... de entre os candidatos presentados e que corresponden aos seguintes:

GRUPO	CATEGORÍA	DESCRICIÓN	CANDIDATOS

Logo da acreditación da súa identidade, queda constituída a mesa electoral da seguinte forma:

Presidente/a,....., con DNI nº.....  
 Vogal número 1,....., con DNI nº.....  
 Vogal número 2,....., con DNI nº.....

Acto seguido procedése a recibir a os/as interventores designados polas persoas candidatas.

O/A presidente/a indica que se consigne nesta acta o seguinte:

Cumprida a normativa legal, o/a presidente/a declara validamente constituídas a mesa electoral, e acorda o inicio da votación.

O PRESIDENTE

O VOGAL 1

O VOGAL 2

Asdo.

Asdo.

Asdo.

## ANEXO IX

## Eleccións 2010 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia

CÁMARA DE.....

ACTA DE ESCRUTINIO DA MESA ELECTORAL DE.....(páx. 1)

MESA	COLEXIO ELECTORAL	CONCELLO	PROVINCIA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA MESA ELECTORAL:

Data e hora de constitución da mesa electoral:.....

COMPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL:

PRESIDENTE	
PRIMEIRO VOGAL	
SEGUNDO VOGAL	

INTERVENTORES	
---------------	--

VOTACIÓN

Ás ..... horas do día da data déronse por rematadas as operacións de reconto de votos e as papeletas foron lidas, en voz alta, polo presidente da mesa, co seguinte resultado global:

Nº ELECTORES DA MESA:	
Nº TOTAL DE VOTANTES:	
* POR CORREO:	
* PERSOALMENTE:	

DISTRIBUCIÓN DE VOTOS	
* NULOS:	
* VÁLIDOS:	
* EN BRANCO:	



CÁMARA DE.....

ACTA DE ESCRUTINIO DA MESA ELECTORAL DE.....(páx. 3)INCIDENCIAS/ RECLAMACIÓNNON SI 


O que se acredita por esta acta que asina o/a presidente/a da mesa cos/as vogais integrantes dela e as persoas interventoras.

..... de .....2010.

Presidente

Vogais

Interventores

Asdo.

Asdo.

Asdo.

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 11 xaneiro de 2010 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos polo Instituto Galego de Promoción Económica no terceiro cuadrimestre de 2009.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), establece que as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño concedidas,

### RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación dos convenios suscritos polo Instituto Galego de Promoción Económica nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2009, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica